

ENSAIO

A aposta de Vitorino Pérez Prieto

Contra a síndrome N.N.A.

reflexiona sobre a actualidade do cristianismo

Título: Contra a síndrome N.N.A.

Autor: Vitorino Pérez Prieto.

Edito: Xerais.

Victorino Pérez Prieto é escritor, teólogo; nado na provincia de León, adveu á Galiza de adolescente; botou a moa do xuízo en Compostela cando ventaban no San Martiño aires de cambio e o cardeal Fernando Quiroga Palacios, arcebispo de Santiago, avanzaba na conversión grazas ao Concilio Vaticano II. Pode que Prieto introxectase para sempre: nun mundo en evolución nada é máis irracional que o *statu quo* inamovíbel. Si, por razóns científicas e por mensaxes relixiosas a "síndrome Non hai Ningunha Alternativa" é un erro. Hai sempre alternativas e tamén alteridades.

Vitorino Pérez Prieto publicou en Xerais (no ano 2005) *Contra a síndrome N. N. A. Unha aposta pola esperanza*. Son 377 páxinas de prosa áxil, enxeñosa e científico-teolóxica. Prieto é xornalista en diferentes medios, como saben os lectores de *A Nosa Terra* ou do *Diario de Ferrol*. Parte do valor deste libro está na súa conversa cotiá cos lectores. Outra parte na flexibilidade doutrinal desde o saber das ciencias da natureza e

Imaxinar a Igrexa coma un grupo de conspiradores que mutila textos e máis ca unha supina ignorancia, unha borracheira. Prieto non nos abronca así; dialoga e explica.



Vitorino Pérez Prieto.

da achega duns coñecementos relixiosos razoábeis.

É gratificante ler unha obra como esta de Prieto e comprobar como desfai os prexuízos do "pensamento único", os prexuízos dos conformistas para os que o presente é definitivo. Desde cinco eixos temáticos esfarela tal perspectiva estática.

Tres deses eixos versan sobre persoeiros de trato persoal do autor, ben na vida cotiá, ben nas lecturas profanas e bíblicas. Son pequenos cadros de cores quentes, sacados de caniteiras múltiples. Así na páxina 112 lembra o "cura da bicicle-

ampla; mesmo a resonancia dos "evanxeos apócrifos" na actualidade ten en Pérez Prieto un excelente intérprete. De Xesús sabemos moito máis ca de Sócrates, de Buda ou doutros personaxes da antigüidade. Considerar os evanxeos apócrifos como unha alternativa para coñecer a Xesús de Nazaré non deixa de ser unha *boutade*. Imaxinar a Igrexa coma un grupo de conspiradores que mutila textos é máis ca unha supina ignorancia, unha borracheira. Prieto non nos abronca así; dialoga e explica.

Máis aínda no quinto tema "curas e bispos". Apoloxía? Non. Claroescuro? Si. Hai onde escoller e Prieto amosa cariño para os xigantes da aventura relixiosa. Agás a estraña CEE (Conferencia Episcopal Española) e algúns dirixentes vítimas de neurose repetitiva. Prieto enche cadros fulgurantes de humanidade. Lembra o dito de Bertolt Brecht: "Hai homes que loitan un día e son bos. Hainos que loitan un ano e son moi bos, pero hainos que loitan toda a vida, eses son imprescindíbeis". Para min esta é a parte máis recomendábel para ler desta obra, porque acerca a pluralidade clerical ao lector para que pense.

Libros, coma este de Vitorino Pérez, son unha aposta certa, un alivio para o verán. Unha información múltipla, chea de inxenio e vivacidade. É un agasallo do xornalismo dun escritor experto e dun teólogo actual, ás veces na fronteira —por algo é amigo de Raimon Panikkar— sempre con bo senso. ♦

FRANCISCO CARBALLO

ta", Antonio Gandoi, fundador e alentador dunha das mellores iniciativas pedagóxicas "Preescalar na casa": "toda súa andaina foi unha descarada opción polos excluídos nun exemplo de coherencia que xamais abandonou". Así, páxina tras páxina imos descubrindo o bulir digno e descoñecido de centos de anónimos de vida heroica.

A cuarta entrega vai para Xesús de Nazaré. Prieto é experto na eséxese bíblica, mais achégase ao lector desde o cinema, desde obras literarias de boa difusión e desde o fluír da liturxia eclesial. É unha visión